

(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/06/2019 13:19:54

SAIDA 7297/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 052/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 1 de abril de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 01/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, sobre o nome e cargo da persoa que asina o informe desa Consellería no expediente de queixa ante a Valedora do Pobo nº I.4. Q/19379/18.

O escrito viña acompañado copia da súa solicitude e do seu DNI.

Segundo. Con data 3 de abril de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de abril de 2019.

Terceiro. Con data 20 de maio de 2019 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e copia da solicitude do interesado, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 31 de xaneiro de 2019.

Neste informe, en resumo, indícase que o reclamante ven presentando desde hai tempo multitude de escritos relacionados cunha intervención cirúrxica que lle foi practicada. Neste

caso, presentou un escrito no que solicita coñecer o nome e cargo da persoa que asina o informe da Consellería na resposta que se lle dá á Valedora do Pobo na queixa 1.4. Q/19379/18.

No referido expediente, a consellería remitiu ao Valedor do Pobo información elaborada pola Xerencia de xestión integrada da Coruña, información que non é un informe preceptivo requerido por unha norma, senón que se trata de información facilitada polo Hospital de referencia do interesado, que non representa un xuízo técnico nin ten a consideración de informe de referencia, a afectos de determinar a importancia pública da persoa que asina o dito documento. Considera que o nome e cargo da persoa que elabora a información carece de relevancia por canto o contido do documento non ofrece a opinión persoal senón un resume das actuacións realizadas no hospital en relación co asunto do expediente, e considera que é de aplicación ao caso a resolución do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno do 15 de febreiro de 2016, que establece que a identidade do autor dunha nota técnica non ten ningunha incidencia pública desde o momento en que o contido da mesma foi asumido polo órgano que remitiu a resposta ao interesado, polo que a identidade do autor inicial da información carece de relevancia.

O contido da información remitida ao Valedor do Pobo procede da documentación existente no Hospital da Coruña, estando baseada unicamente nos datos da historia clínica e dos escritos presentados polo interesado que superan os 200, sen que teña outra consecuencia que o relato de feitos baseado en documentos, polo que considera que debe rexeitarse a reclamación presentada polo interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que débese considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

O artigo 15 da Lei 19/2013, establece que cando a información solicitada non conteña datos especialmente protexidos (ideoloxía, afiliación sindical, orixe racial, vida sexual etc..) o órgano ao que se dirixa a solicitude concederá o acceso, previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información solicitada, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, debendo ter en conta o menor prexuízo dos dereitos dos afectados no caso de que os documentos unicamente contivesen datos de carácter meramente identificativos daqueles.

Neste punto, débese lembrar que o dereito de acceso á información, tal e como se menciona no preámbulo da Lei, debe permitir o escrutinio da acción pública, pero o obxecto da mesma non pode ser, en ningún caso, o coñecemento de información de carácter persoal que non achegue un valor fundamental para realizar o devandito escrutinio e que, pola contra, poida supoñer un prexuízo no dereito á protección dos datos persoais e poida causar prexuízos, neste caso a persoal ao servizo da Consellería de Sanidade.

De acordo co informe remitido pola Consellería de Sanidade, e dado que a información contida no informe é un relato da documentación que consta no hospital na que non existen xuízos de valor e que é información asumida pola Consellería, é irrelevante desde o punto de vista de información pública o nome e cargo da persoa que elaborou a dita información, polo que de acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información do [REDACTED], polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o

incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 1 de abril de 2019, contra a denegación da desestimación da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, sobre o nome e cargo da persoa que asina o informe desa Consellería no expediente de queixa ante a Valedora do Pobo nº I.4. Q/19379/18.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.



Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia